

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE POLIQUETOS A PÉ E CON TÉCNICAS DE MERGULLO EN BANCOS DO ÁMBITO DO PLAN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXIA DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO

ANTECEDENTES

- 1 O 02.06.2026, ás 13:06 horas, a confraría de pescadores de Muxía solicita autorización para a extracción de poliquetos a pé ou con mergullo en apnea ou semiautónomo en bancos do ámbito do seu plan de xestión durante os meses de xullo, agosto e setembro do 2026.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 Tense en conta a seguinte normativa:
 - O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia establece as características e o réxime das artes a empregar.
 - A 19 de decembro de 2025 (DOG do 31 de decembro de 2025), pola cal se aproban os plans de xestión de recursos específicos e de algas en Galicia para o trienio 2025-2027.
 - A Orde do 23 de abril do 1999, modificada pola Orde do 13 de xuño do 2001, pola que se regula o mergullo profesional na Comunidade autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 4º.2:

Cando se trate de extracción de recursos dentro dun plan de explotación aprobado pola consellería, a autorización para realizar o mergullo é concedida coa aprobación do plan para a zona e período de vixencia deste, debendo a empresa ou entidade solicitar a aprobación que para efectos de seguridade ten que dar a capitanía marítima correspondente.

- O Real Decreto 550/2020, do 2 de xuño, do Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo, establece as normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos entre outras as seguintes normas de seguridade:

A conformación dos equipos de traballo das embarcacións relacionadas nesta resolución serán responsabilidade dos seus titulares e deberán contar cun plan de inmersión autorizado por cada xefe de equipo.





As embarcacións ANA (3ªCO-4-1803) e SIRENA DEL MAR (3ªCO-4-1722), con data do 06.03.2026, contan cunha autorización de excepción ao número de mergulladores participantes respecto do establecido no artigo 59 do Real decreto 550/2020, do 2 de xuño, polo que se modifican determinadas normas en materia de Mariña Mercante, ao abeiro do disposto no artigo 65 do citado real decreto, que permite á Dirección Xeral da Mariña Mercante establecer, de forma motivada, condicións de seguridade específicas distintas ás xerais, incluíndo o persoal mínimo requirido, profundidades ou tempos de exposición, en función das características da actividade.

"Artigo 59. Persoal mínimo: establécese que o equipo de mergullo poderá reducirse ata dous mergulladores sempre que o xefe de equipo avalíe previamente todos os factores determinantes da actividade –como a natureza do traballo, a profundidade, a distancia á costa, a experiencia, as condicións climáticas, o estado do mar e a fiabilidade do sistema de subministración de aire–, mentres que tamén se prevé que, no caso de novas técnicas de mergullo ou adaptación das existentes (Artigo 65), a Dirección Xeral da Mariña Mercante poida autorizar, de forma motivada, condicións de seguridade distintas ás xerais –incluíndo persoal mínimo, profundidades ou tempos de exposición– e mesmo suspender o seu uso se supoñen riscos para a seguridade marítima."

2 Recíbese o Informe da bióloga de zona do 09.06.2026

Este departamento territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro.

Tendo en conta todo o anterior RESOLVO:

Autorizar a extracción de poliquetos -Gavilán (*Scoletoma laurentiana*)- a pé ou con técnicas de mergullo nos bancos do ámbito do plan de xestión da confraría de pescadores de Muxía baixo as seguintes condicións:

Datas:

- 1, 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15, 16, 17, 20, 21, 22, 23, 24, 27, 28, 29, 30 e 31 de xullo de 2026
- 3, 4, 5, 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14, 17, 18, 19, 20, 21, 24, 25, 26, 27, 28 e 31 de agosto de 2026
- 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 11, 14, 15, 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24, 25, 28, 29 e 30 de setembro de 2026

Zonas: todas as praias incluídas na zona 1 e dúas das catro praias delimitadas na zona 2.

- Zona 1: dende a desembocadura do río Castro a punta da Barca
 - Praia de Nemiña
 - Praia de Moreira
 - Praia de Arnela
 - Praia de Lourido
- Zona 2: dende punta da Barca a punta Rayas





- Praia de Espiñeirido
- Praia de Fornelos

As praias de Borreiros e a dos Muíños permanecerán pechadas ata que se realicen as mostraxes e do resultado se estime a súa explotación.

Puntos de control:

- Embarcación: Pantalán do peirao de Muxía
- A pé: Zonas de extracción

Zona 1

Banco	Punto control	Coordenadas situación
Praia de Nemiña	Nemiña	43°0.744'N - 9°16.088'O
Praia de Moreira	Moreira	43°2.876'N - 9°15.745'O
Praia de Moreira	Arnela	43°4.973'N - 9°14.640'O
Praia de Lourido	Lourido 1	43°5.509'N - 9°13.288'O
	Lourido 2	43°5.184'N - 9°13.499'O

Zona 2

Banco	Punto control	Coordenadas situación
Praia de Espiñeirido	Espiñeirido	43°5.978'N - 9°12.609'O
Praia de Fornelos	Fornelos	43°6.109'N - 9°12.339'O

Responsables a pé: os responsables dos puntos de control serán o gardapesca Sergio Freire Arén ou a Asistencia técnica, Beatriz Yermo García.

Puntos de venda: puntos de venda autorizados.

Especies e topes de captura:

Especies	A pé	Mergullo
Gavilán	800 indiv/mariscador/día	800 indiv/mergullador enrolado e a bordo/día

Arte ou técnica de extracción:

- A pé: recollida a man con sachó.
- Mergullo: en apnea ou con subministro de aire.

Deberán ter en conta as limitacións de profundidade para cada unha delas:

- Mergullo con subministro de aire: 12 m (artigo 1 do Decreto 64/2008, do 27 de marzo, polo que se regula a certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia).





- Apnea: 7 m (apartado b da Disposición transitoria cuarta do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño).

Horario de extracción:

- A pé: de dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna e ata as 18:00 h como máximo, segundo o Decreto 15/2011
- Mergullo en apnea: de 8:00 a 14:00 horas, de acordo co artigo 162.4 do Decreto 15/2011, cun máximo de 5 horas
- Mergullo semiautónomo: de 08:00 a 14:00 horas, tendo en conta que cada mergullador poderá traballar un máximo de 3 horas

Lémbrese que os tempos máximos serán os establecidos no artigo 32 do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo.

Participantes: os 3 mariscadores de a pé con permiso de explotación en vigor e as embarcacións autorizadas coas cotas permitidas dentro do plan de xestión, relacionados no anexo I.

Deberán cumprimentar unha folla de control das capturas que deberá confeccionar a asistencia técnica da confraría, e que deberá incluír como mínimo os datos de: data, banco, nº de exemplares capturados e tempo efectivo de traballo no banco.

En todo caso para o exercicio da actividade, cumprírase coas normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos (Sección 5ª do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo).

As persoas armadoras das embarcacións participantes serán responsables do cumprimento das seguintes condicións:

- Ter en vigor o seguro de responsabilidade civil, tanto da embarcación como das persoas mergulladoras contratadas
- Ter enroladas e de alta na Seguridade social a todas as persoas tripulantes/mergulladoras
- Ter o despacho da embarcación coa lista de tripulantes debidamente actualizada

As persoas mergulladoras participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Estar debidamente enroladas
- Ter o título profesional de recolector con técnicas de mergullo en vigor (segundo a modalidade de extracción)

Sen prexuízo das notificacións da actividade que deban realizar para pór en coñecemento da Capitanía Marítima do seu ámbito xeográfico, os equipos de traballo coa relación de persoas mergulladoras e xefaturas de equipo, comunicaranse ao enderezo electrónico da Subdirección xeral de gardacostas antes do primeiro día de traballo do mes en curso e sempre que haxa cambios nos mesmos (pescasala.operacions@xunta.gal) indicando claramente o plan de explotación de que se trata no apartado "asunto" do correo electrónico.





Calquera variación dos equipos de traballo coa relación de persoas mergulladoas e xefaturas de equipo que se produzan durante a vixencia desta resolución deberán comunicala a este departamento territorial no correo desenvolvemento.mar.coruna@xunta.gal.

Os días autorizados nesta resolución que non vaian mariscar deben ser comunicados con anterioridade ao horario autorizado do día que se pretende anular mediante escrito remitido por rexistro electrónico a este departamento territorial indicando o motivo.

Observacións:

A asistencia técnica deberá realizar os estudos necesarios para determinar a equivalencia entre o numero de individuos e o peso, para cada banco.

Condicións adicionais:

1. Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. As entidades que contan con persoal técnico, a data da solicitude da apertura do plan de xestión, terán que ter actualizados os datos da explotación na ferramenta para o seguimento dos plans habilitada pola consellería (AT2 novo formato actualizado). En caso contrario, os datos da explotación deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura os técnicos deberán ter a súa disposición os datos anteriores.
2. Lémbrese que deberán ir recollendo información para o cumprimento dos obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos aprobados no plan de xestión.
3. Os equipos de traballo comunicaranse ao enderezo electrónico da Subdirección xeral de gardacostas antes do primeiro día de traballo do mes en curso e sempre que haxa cambios nos mesmos (pesca.sala.operacions@xunta.gal).

Todas as persoas mergulladoras terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de xestión, de non ser así a ao departamento territorial podería excluílos da apertura mensual.

4. Non se aceptan os 15 m de profundidade. As intervencións subacuáticas serán realizadas dentro dos límites das atribucións da titulación posuída pola persoa mergulladora e sen sobrepassar en ningún caso a profundidade de inmersión autorizada para esa titulación segundo establece o Decreto 64/2008, do 27 de marzo, polo que se regula a certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais cumpriranse coas normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos, sección 5ª para mergullo con subministro de aire e disposición transitoria cuarta para o mergullo en apnea, do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo).
5. Segundo a proposta do departamento territorial, deberán achegar a información referente á actividade de mergullo para a emisión das resolucións de apertura deste plan de xestión, sen prexuízo das notificacións da actividade que deban realizar segundo o Real Decreto 550/2020,





de 2 de xuño. Para a extracción de poliquetos mediante técnicas de mergullo, será necesario que os mergulladores/as estean en posesión da titulación axeitada aos medios empregados.

6. De acordo co punto 6.3.b. da Circular MA-01-2024 "Poderán contemplarse zonas de traballo nas que, por motivos de seguridade, non se empregue unha embarcación para o exercicio da actividade. Ditas zonas deberán aparecer claramente identificadas no plan presentado. Non obstante, a súa aprobación quedará supeditada a autorización da Administración marítima competente en materia de seguridade".

7. Os puntos de control son elementos indispensables para o funcionamento dos plans de xestión polo que teñen que cumprir os requisitos establecidos no punto 5.7.a) da Circular MA-01-2024 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se ditan instrucións para a presentación de plans de xestión de recursos específicos e de algas para o trienio 2025-2027 e para traballar con subministro de aire adicionalmente deberán cumprir o indicado no punto 5.7)

8. Para o cumprimento destes obxectivos é recomendable que estea situado nas zonas de produción próximas a onde se realiza a descarga ou a explotación e se axuste ás características da explotación. Por outra parte, é responsabilidade das entidades titulares dos plans habilitar as medidas necesarias para o cumprimento dos obxectivos do plan co fin de acadar unha explotación sostible no tempo.

9. As persoas responsables dos puntos de control deberán tomar nota, diariamente, dos recolectores e embarcacións que pasan o seu control, o ámbito da confraría na que traballaron, e remitir diariamente a información ás confrarías que teñen que tramitar a venda.

10. O incumprimento das condicións de control e seguridade establecidas nesta resolución de apertura poderán ser motivo para limitar o uso do mergullo semiautónomo, limitando a extracción á modalidade de mergullo en apnea.

11. O informe do Servizo de Patrimonio Natural do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Coruña, indica que nas zonas de extracción onde exista protección da pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) deberán cumprirse as medidas establecidas no Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación desta especie en Galicia.

As solicitudes de apertura, así como calquera outro asunto relativo á resolución de apertura (modificacións das zonas de extracción ou datas, anulacións, etc), enviaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante presentación electrónica.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).





Mediante este documento notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A directora territorial

P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Miguel Gómez Losada

(asinado dixitalmente)





ANEXO I

PARTICIPANTES A PÉ E EMBARCACIÓNS AUTORIZADAS PARA A EXTRACCIÓN DE POLIQUETOS SEGUNDO O PLAN DE MUXÍA DURANTE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2026

PARTICIPANTES A PÉ	
NOME	DNI
AMADOR MANUEL VILELA FERRÍO	***1973**
VÍCTOR MANUEL HAZ SONEIRA	***8082**
BRAIS OZORES REBOLLIDO	***8287**

EMBARCACIÓNS		
NOME	MATRÍCULA	COTAS
ANA	CO-4-1803	3
SIRENA DEL MAR	CO-4-1722	3

XEFATURAS DE EQUIPO	
NOME	DNI
RICHARD TAJES MOUZO	***0697**
ISMAEL TAJES MOUZO	***7310**
PAULA REY MARTÍNEZ	***7949**
BRAIS RODRÍGUEZ TRIÑAJES	***7917**
CARLOS NOVEGIL VENTOSO	***3633**

Os mergulladores Richard Tajés Mouzo e Paula Rey Martínez contan coa titulación de Buceador Recolector de Recursos Marinos da Comunidade Autónoma do Principado de Asturias e presenta a documentación relacionada na Circular 1/2021 da Subdirección xeral de desenvolvemento pesqueiro do 3.12.2021, polo que pode participar nesta extracción unicamente co emprego de mergullo semiautónomo.

Lémbrese que deberán respectarse as cotas asignadas a cada embarcación, de xeito que aquelas que teñan máis persoas mergulladoras enroladas que número de cotas asignadas, só poderán coller o tope por persoa mergulladora enrolada a bordo/día. Igualmente, as que teñan menos persoas mergulladoras enroladas que número de cotas, só poderán coller o tope por persoa mergulladora enrolada

